

## CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DO CURSO 2023/2024

Estimadas familias,

Comunicamos que se acaba de abrir o prazo de presentación de solicitudes de axuda para adquisición de libros de texto, material escolar e fondo de libros para o vindeiro curso 2023/2024. (**ORDE do 10 de maio de 2023, DOG núm. 94 do 19 de maio**)

Tal como se indica na orde da convocatoria, as solicitudes serán presentadas preferiblemente de forma telemática a través da aplicación **FONDOLIBROS** (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), accedendo con CHAVE365 ou certificado dixital. Na seguinte ligazón tendes toda a información relativa ao procedemento: <https://sede.xunta.gal/procedementoED330B>

Opcionalmente, poderanse tramitar as solicitudes de xeito presencial na secretaría do centro **ata o día 21 de xuño en HORARIO de 10:30 A 13:30 horas.**

**O impreso de solicitude achégase no arquivo adxunto para descargar** e tamén estará dispoñible na páxina web do colexio, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia e na secretaría do propio centro.

As familias con máis de un fillo/a matriculado/a no colexio, presentarán unha única solicitude que agrupará a tódolos fillos que vaian a permanecer no centro durante o curso 2023/24.

### **DOCUMENTACIÓN** que deberán aportar:

- **ANEXO I** (Solicitude cuberta e asinada polo solicitante, que será o titor/a legal dos/as alumnos/as).
- **ANEXO II** (Comprobación de datos e sinatura dos restantes membros da unidade familiar distintos do solicitante. **Deberán achegar tantos Anexos II como sexan necesarios para incluír a todos os membros computables da unidade familiar**).
- Fotocopia do **LIBRO DE FAMILIA**. Se non dispoñen de libro de familia ou carecen de DNI/NIE, excepcionalmente poderán acreditar a composición da unidade familiar mediante Certificado ou Volante de convivencia ou Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello.
- Fotocopia da sentenza xudicial ou convenio regulador no caso de separación ou divorcio.

<b>PRAZOS</b>	
<b>Presentación de solicitudes:</b>	<b>Do 20 de maio ata o 21 de xuño de 2023</b>
Presentación de solicitudes para alumnado que repita 4º da ESO ou para aquel que non obteña praza na FP básica:	Un mes desde a formalización da matrícula.
Publicación de listaxes provisionais:	12 de xullo.
Reclamacións contra a listaxe provisional	Dous días hábiles seguintes á publicación.
Publicación de listaxes definitivas:	26 de xullo.
Entrega dos vales ás familias:	Informarase da dispoñibilidade dos vales a través da plataforma Educamos.
Recollida dos libros do Fondo de Libros:	Entregaranse aos alumnos ao inicio do curso escolar 2023-24 en setembro.
Enmenda de erros detectados nos vales:	10 días hábiles desde que recibe o vale
Uso dos vales nas librarías e demais establecementos	Ata o 10 de abril de 2024